

ANUNCIO: APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2021.

Expediente 2573/2020

A Xunta de Goberno Local do Concello de Caldas de Reis, en sesión celebrada o 26 de MAIO de 2022, aprobou a Oferta de Emprego Público do ano 2021, coa seguinte relación:

"PRIMEIRO. Aprobar a Oferta de emprego público deste Concello para o ano 2021, que contén as seguintes prazas:

Nº	Praza	CÓDIGO PRAZA RPT	SISTEMA ACCESO	VINCULO DA PRAZA
2	<i>Policía Local</i>	<i>04.00.00.04 e 04.00.00.03</i>	<i>Acceso Libre</i>	<i>Funcionario/a</i>
1	<i>Xefe servizos de obras</i>	<i>06.01.00.01</i>	<i>Promoción interna</i>	<i>Laboral</i>
1	<i>Albanel- Responsable Operativo</i>	<i>06.01.00.03</i>	<i>Promoción interna</i>	<i>Laboral</i>

SEGUNDO. Publicar a Oferta de emprego público no taboleiro de anuncios da Corporación, así como na sede electrónica deste Concello, no Boletín Oficial da Provincial e no Diario Oficial de Galicia.

TERCEIRO. Convocar as prazas ofertadas en execución da presente Oferta de Emprego Público dentro do prazo improrrogable de tres anos a contar desde a súa data de publicación."

Contra o acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interperse alternativamente o recurso de reposición potestativo ante o alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. En caso de interpoñerse recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será igualmente de dous meses a contar desde a notificación da resolución desestimatoria do recurso de reposición, se fose expresa, ou desde a súa desestimación tácita, que se producirá no prazo de seis meses se non se resolve o recurso de reposición interposto. Todo isto sen prexuízo de que interpoña calquera outro que estime procedente.

Caldas de Reis, 10 de xuño de 2022

Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393



Juan Manuel Rey Rey

Alcalde presidente

Documento asinado dixitalmente á marxe,

